

Tema 1. LITERATURA

A POESÍA DAS IRMANDADES DA FALA. CARACTERÍSTICAS, AUTORES E OBRAS.

Despois da morte de Manuel Curros Enríquez (1908) e ao comezo da segunda década do s. XX, cobrouse plena consciencia das condicións precarias en que se achaba a poesía galega: faltaban autores de personalidade pola fuga de cerebros cara a Madrid, desapareceran as publicacións monolingües en galego e non se levara a cabo a renovación literaria de fin de século coñecida no ámbito hispánico como modernismo. Ademais, o pulo creador do Rexurdimento xa se vía esgotado.

Esa situación de decadencia vai empezar a cambiar coa aparición das Irmandades da Fala, que centran os seus obxectivos culturais na defensa social do idioma e na súa normalización. Neses anos na sociedade galega danse importantes fenómenos e movementos que van supoñer unha importante transformación no ámbito social e económico: aumenta dramaticamente o fluxo migratorio cara á América; xorde o agrarismo, como froito da organización do noso campesiñado; nace o movemento obreiro, serodio e escaso, pola cativa industrialización do noso país. Porén, é a aparición do nacionalismo, como evolución ideolóxica do rexionalismo do s. XIX, o fenómeno que máis vai influír na recuperación literaria destes anos.

A partir do nacemento das Irmandades da fala, e posteriormente da Revista *Nós* e do Seminario de Estudos Galegos, asistíuse ao desenvolvemento dos diferentes xéneros literarios, en especial a narrativa, o ensaio e o teatro por medio da creación de pequenas editoriais que editan coleccións de novelas curtas (*Céltiga*, *Lar*, *Nós*) e de grupos teatrais. As principais publicacións do período serán o xornal *A Nosa Terra* (1916-1936) e a revista *Nós* (1920-1936).

O principal poeta da etapa das Irmandades é o cambadés **RAMÓN CABANILLAS** (Cambados, 1876-1959).

Infancia en Cambados ata o ano 1889 cando entra no Seminario de Santiago de Compostela para comezar a carreira eclesiástica, que abandonará catro anos máis tarde definitivamente, no 1893.

Volve a Cambados e traballa como funcionario do concello. Dende novo foi un lector incansable e autor monolingüe. Alí dirixiu xa dous xornais.

En 1910, con 34 anos emigra a Cuba, posiblemente a causa de certos enfrontamentos políticos. Nese mesmo ano publica o seu primeiro poema “*Lonxe*”, na revista *Suevia*.

Entrou en contacto cos galeguistas que apoiaban o agrarismo e fundou a delegación na Habana de Acción Gallega, onde coñece a Basilio Álvarez, e a Fontenla Leal, figura clave na súa decisión de escribir en galego.

Na capital cubana publica os dous primeiros poemarios: *No desterro* (1913) e *Vento mareiro* (1915). O primeiro leva prólogo precisamente de Basilio Álvarez, que o presenta como un novo Curros. Cabanillas asume nestes dous volumes o compromiso social agrarista, máis mestura

distintos temas: poemas intimistas e paisaxistas e de costumes xunto con outros nos que aborda a denuncia social, de ton anticaciquil e agrarista, na liña da poesía cívica de Curros Enríquez. Aparece a idea de Galicia como unha unidade colectiva chamada á rebelión.

De regreso en Galicia, Cabanillas incorpórase ao movemento das Irmandades da Fala e, en ***Da Terra asoballada*** (1917), dá forma poética aos ideais nacionalistas. Logo do pasamento de Pondal en 1917, Cabanillas vai ser coñecido como “Poeta da Raza”.

Utiliza estrofas clásicas como o soneto e outras de orixe máis popular como o romance.

Nestes libros da primeira etapa, Cabanillas desenvolve tres liñas temáticas ben definidas: a *intimista* no ronsel de Rosalía e Bécquer, a de *compromiso social e patriótico* como herdeiro da obra de Curros (desprovisto de anticlericalismo) e Pondal, e a *costumista*, motivada pola emigración en Cuba. A partir de *Vento mareiro* vanse ir acentuando os elementos modernistas. Pola modernidade estética acadada, merece destacarse a sección “Madri” da segunda edición de *No desterro*, pois esas composicións constitúen as primeiras mostras de poesía urbana en galego, que non se poden entender á marxe da estética modernista. Coa instauración da ditadura de Primo de Rivera, Cabanillas abandona a poesía social e comprometida a favor doutra máis culturalista e autónoma, seguindo a dirección estética marcada por Vicente Risco.

A relación de Cabanillas co director da revista *Nós* traducíuse na edición do volume de poesía narrativa que ilustra Castelao: ***Na noite estrelecida*** (1926). Trátase de tres poemas narrativos que el denomina “sagas”: “A espada Escalibor”, “O cabaleiro do Santo Grial” e “O sono do rei Artur”. Cabanillas leva a cabo unha galeguización da materia de Bretaña a partir do milagre do Cebreiro, xa establecida por outros escritores galegos a partir da representación en varias cidades europeas da ópera *Parsifal* de Wagner.

Desde o punto de vista estilístico, ***Na noite estrelecida*** é a obra de Cabanillas de máis ambición estilística e máis influída polo modernismo, tanto na utilización de pareados alexandrinos como sextinas rubenianas e sinestesias. Esta obra, xunto coa produción gráfica do pintor Camilo Díaz Baliño terá transcendencia na configuración dun dos símbolos políticos de Galicia: a incorporación da forma románica do cáliz no escudo da bandeira galega.

Menos importancia estética tivo ***A rosa de cen follas*** (1927), de temática amorosa e intimista. Xa na posguerra será autor de poemarios valiosos, como ***Camiños no tempo*** (1949), ***Da miña zanfona*** (1954) e ***Samos*** (1958), libro escrito durante varias estancias no mosteiro homónimo. Nel non só canta o edificio, senón tamén a vida monástica. Trátase da culminación da poesía relixiosa dun escritor que estudara no Seminario de Santiago.

O segundo poeta importante do tempo das Irmandades foi o mestre mindoniense **ANTÓN NORIEGA VARELA** (1869-1947). A súa formación no Seminario da súa vila permite explicar algunhas das características da súa poesía, como a profunda relixiosidade, o enfoque franciscanista da natureza e a influencia dos clásicos latinos, que tamén se achán noutros poetas máis novos do norte de Lugo que pasaron polo Seminario de Mondoñedo, como Crecente Vega e Aquilino Iglesia Alvariño.

Noriega Varela iniciouse no costumismo ruralista na fin do XIX, pero soubo ir evolucionando esteticamente grazas aos contactos cos membros do grupo Nós e co saudosismo de Teixeira de Pascoaes. En realidade, Noriega Varela é autor dun só libro, que recibe o título de *Montañesas* na primeira e segunda edición e logo *Do ermo*, a partir de 1920. Como principais influencias literarias na súa obra podemos sinalar os autores do XIX, os clásicos grecolatinos (Virxilio, Horacio,...), o modernismo e os poetas saudosistas portugueses, con algúns dos que mantivo relacións de amizade.

Noriega comezou como poeta cívico e combativo («Acción gallega» ou «Pra os mozos»), debido á súa simpatía polo agrarismo. Posteriormente retomou a estética decimonónica, caracterizada polo seu realismo e costumismo, co tema central da vida labrega e montañesa. Adquiren notable valor estético, sobre todo, os seus sonetos sobre realidades miúdas do ermo: as flores dos toxos, a brétema, as xestas, as pucharcas... Trátase dun poeta de temática moi limitada, mais intenso no seu achegamento á paisaxe natural. É a súa unha visión do mundo moi relixiosa e tradicional que se enfrontará á modernidade social e política representada pola II República.

Como poetas de segunda liña, cabe mencionarmos as figuras de **Gonzalo López Abente**, influído pola poesía do seu parente Eduardo Pondal, e **Victoriano Taibo**, tamén prosista e moi preocupado polo enxebrismo da lingua literaria galega. A súa poesía pode ser cualificada de levemente modernista.